

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na súa sesión do día trinta de setembro de dous mil dez, tomou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Deixar sen efecto a disposición adicional recollida no acordo do Consello de Goberno do 27 de xullo de 2010 polo que se aproba a Normativa de Promoción de Profesoras/es Titulares Acreditadas/os a Cátedra da Universidade de Santiago de Compostela aprobada por acordo do Consello de Goberno de 27 de xullo de 2010.

SEGUNDO. Engádesse ao artigo 8.2. da Normativa Provisoria pola que se Regular os Concursos de Acceso aos Corpos Docentes Universitarios aprobada por acordo do 11 de febreiro de 2009, despois do segundo párrafo, o seguinte texto: Para o nomeamento das comisións os departamentos propoñerán o Presidente e Secretario da comisión así como un dos vocais e os respectivos suplentes. Ademais, o departamento acompañará a proposta dunha relación de 6 candidatas e 6 candidatos entre os que será realizado o sorteo para completa-lo tribunal. O dito sorteo farase de xeito que as comisión de selección cumpran os criterios establecidos de paridade e universidade de procedencia dos membros. Xunto coa proposta, o departamento deberá acompañar copia da acta da sesión do consello do departamento no que se aprobe a proposta. O consello de goberno, oída a proposta do departamento, decidirá a composición das comisións tendo en conta a normativa aplicable.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a trinta de setembro de dous mil dez, co Visto e Prace do Sr. Reitor.

O Reitor
(por R.R. do 1-10-10)
O vicerreitor de Investigación e Innovación

Francisco González García

